

Manual de uso

Curso semipresencial de italiano B2.1

1. Requisitos técnicos
2. Moodle, a plataforma deste curso
3. Estrutura do curso
4. Tipos de actividades e tarefas.
5. Consellos

1. Requisitos técnicos

Para o seguemento da parte virtual do curso requírense coñecementos básicos de informática a nivel de usuario, así coma os seguintes dispositivos:

- unha conta de correo
- un ordenador con conexión a internet
- un micrófono

Tamén podes empregar calquera teléfono móbil ou tableta que conte con micrófono.

2. Moodle, a plataforma do curso

Este curso semipresencial impartirase a través da aula virtual Moodle. O centro no que esteas matriculado proporcionarache as instrucións para acceder á plataforma.

3. Estrutura do curso



Novità

É un foro de novas onde o docente irá publicando información sobre o curso e o seu desenvolvemento.



Forum_Dubbi e domande sul modulo

En cada módulo hai un foro específico para comentar dúbidas e resolvelas entre todos e/ou con axuda do profesor.



Piano di azione

Nesta sección atoparás unha especie de folla de ruta que ofrece unha visión panorámica do módulo (partes, tarefas, foros) e que te axudará a organizarte mellor. É importante que o leas antes de empezar co módulo.



Contenuti e attività.

Nesta sección atoparás unha serie de actividades de comprensión de textos orais e escritos, léxico, gramática e pronuncia, así como pautas para mellorar a túa produción, coprodución e mediación oral e escrita. Tamén atoparás xogos e actividades para reflexionar sobre temas socioculturais.



Lavorare in gruppo.

Nesta sección atoparás unha serie de actividades para facer colaborativamente cos outros participantes. Atoparás foros, glosarios, mapas conceptuais.



Valutazione.

Esta sección comprende tarefas de comprensión oral e escrita así como produción e mediación oral e coprodución, mediación e produción escrita sobre as que recibirás feedback específico por parte do docente seguindo unha rúbrica de avaliación.



Vai avanti! Attività extra.

Nesta sección atoparás ligazóns de interese para consolidar ou ampliar o aprendido ao longo do módulo. Tamén poderás completar un pequeno cuestionario *Autovalutazione* para reflexionar sobre a aprendizaxe e a consecución dos obxectivos de cada módulo.

4. Tipos de actividades e tarefas.

No curso hai diferentes actividades nas que atoparás sempre **instrucións** sobre como facer a actividade ou tarefa e un **exemplo**.



Contenuti e attività.

As actividades desta sección son actividades interactivas que che ofrecerán un feedback inmediato. Os botóns:


- **Verifica:** permíteche comprobar as túas respostas.
- **Mostra soluzioni:** en caso de respostas erróneas, este botón mostrarache as respostas correctas.
- **Riprova:** poderás facer as actividades todas as veces que desexas.

Cando estas a traballar nesta sección do curso, é importante que teñas en conta algunhas cousas:

- Para acceder ás diferentes actividades, deberás desprazarte pola interface do curso **verticalmente** máis tamén **horizontalmente** premendo nas iconas que irás atopando :



- Cando fagas as actividades, presta atención ao uso das **maiúsculas** e as **minúsculas**. Cando se requira un uso especial, atoparás indicacións específicas nos enunciados das actividades.
- Para que se amose a solución nos exercicios nos que hai que completar cunha palabra ou frase, non poderás deixar en branco os recadros a completar. Terás que escribir no recadro para que se amose a solución.
- As presentacións e actividades creadas con Genially podes amplialas pinchando na icona de aumentar:



- Ademais, podes manipular estas actividades (ampliar, minimizar, ir cara atrás ou cara adiante etc.) premendo na icona dos tres puntos



e despois na icona



- Recoñecerás estas actividades porque teñen o símbolo de Genially:



Lavorare in gruppo.

Nesta sección atoparás foros , glosarios e mapas conceptuais.



Forum

Os foros

Para participar nos foros deberás:

- Premer en **Aggiungi un oggetto di discussione**.
- Completar o campo **Oggetto** indicando o tema ou título do teu texto.
- Escribir o texto no campo **Messaggio**.
- Premer en **Invia al forum**.



Glossario

Os glosarios

Os glosarios son pequenos vocabularios de cada módulo que iredes elaborando conxuntamente os estudantes coas palabras novas desa unidade.

Para participar nos glosarios debes:

- Premer en **Aggiungi voce** para engadir unha palabra ao glosario.

Tamén poderás ver as palabras introducidas polos compañeiros e, cando o glosario estea rematado, poderás imprimilo.



Mappa concettuale

O mapa de ideas permite organizar colaborativamente o novo vocabulario do módulo de maneira visual.

- Para engadir un nodo novo, tes que premer no botón **Add Node**. Sairache un recadro onde poderás escribir a palabra e editala (cambiar a cor, a forma ...)
- Para enlazar a palabra que acabas de crear coa categoría superior á que pertence a palabra, tes que clicar en **Add Edge**. Aparecerá un pequeno círculo enriba da palabra que acabas de escribir. Premes dúas veces nese círculo e arrastras o punto que aparecerá ata a categoría superior coa que queres conectar a palabra.
- Se premes en **Delete selected**, podes eliminar as palabras e os enlaces.



Valutazione.

Nesta sección atoparás dous tipos de actividades: **compito** (tarefa) e **quiz** (test).



Compito

As tarefas

Para engadir unha tarefa, terás 2 posibilidades:

- **Testo online:** Se escolles esta opción, poderás escribir directamente o texto no recadro. Cando remates, so tes que premer en **Aggiungi consegna**, e por último en **Salva modifich**e para enviar a túa tarefa.
- **Consegna file:** Neste caso, para entregar a túa tarefa tes que adxuntar un arquivo co texto da tarefa que elaboraches previamente. Despois premes en **Aggiungi consegna**, e por último en **Salva modifich**e para enviar a túa tarefa.

Tanto no testo en liña como na entrega de documentos, disporás de 30 minutos para modificar (**Modificare consegna**) a túa tarefa ou ben para eliminala (**Elimina consegna**).

Se a tarefa que tes que entregar é un **audio**, o procedemento é o mesmo que acabamos de describir. A única diferenza é que, no caso de entregar a túa tarefa en liña (**Testo online**), terás que premer na icona do micrófono para gravarte.



Quiz


Os quiz

Estas actividades son test de comprensión oral ou escrita. Para realizar estas actividades tes que seguir os seguintes pasos:

- ***Tenta il quiz adesso***
- ***Termina il tentativo***
- ***Invia tutto e termina***

5. Consellos

Se tes dúbidas sobre os contidos, as actividades ou os procedementos do curso, tes diferentes ferramentas á túa disposición:

- a) ***Forum_ Dubbi e domande sul modulo***. Podes empregar este foro para resolver as túas dúbidas. Poden responderte tanto os compañeiros como o docente.
- b) **Mensaxes.**  Esta é a canle para enviar unha mensaxe privada ao docente ou a algún compañeiro. Neste caso so verá a túa mensaxe a persoa á que lle escribes.
- c) Consulta nesta sección os **vídeos tutoriais** sobre o uso das diferentes ferramentas deste curso.